



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

### **ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN NA QUE SE FAI PÚBLICA A PUNTUACIÓN DO SOBRE B DE REFERENCIAS TÉCNICAS E A APERTURA DO SOBRE C DE “OFERTA ECONÓMICA” NO PROCEDIMENTO ABERTO (CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS DE VALORACIÓN) DAS OBRAS AS QUE FAI REFERENCIA O PROXECTO DENOMINADO “ACONDICIONAMENTO DO PARQUE INFANTIL AREA BOTE DE CAMELLE”, INCLUÍDA NO PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS) 2015 E A ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN.**

Na Casa do Concello de Camariñas, ás 11:00 horas do día 15 de marzo de 2017, constitúese a Mesa de Contratación, cuxa composición se deriva do acordo adoptado pola Xunta Goberno Local, órgano de contratación, en sesión de data 11 de novembro de 2016, estando presentes os seguintes membros:

#### **Presidente:**

D. Manuel Valeriano Alonso de León, Alcalde.

#### **Vogais:**

D<sup>a</sup> Sandra Insua Rial, Concelleira.

D. Juan Carlos Canosa Marcote, Concelleiro

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Loreto López Fernández, Secretaria da Corporación.

D<sup>a</sup> Paula María Suárez Cotelo, Interventora da Corporación.

#### **Secretario:**

D. Victorino Nión Carril, funcionario administrativa adscrito a Secretaría.

É obxecto da reunión, acto público, facer pública a puntuación do sobre B de “referencias técnicas” e a apertura do sobre C de “Oferta económica e referencias valorables automaticamente” no procedemento aberto (con multiplicidade de criterios de valoración) da obra a que fai referencia o proxecto denominado “ACONDICIONAMENTO DO PARQUE INFANTIL AREA BOTE DE CAMELLE”, incluída no Plan de Acción Social (PAS) 2015 e adopción dos acordos que procedan.

Dada a presenza do Presidente como do secretario así como dos vogais, considéranse cumpridos os requisitos para a válida constitución e actuación da Mesa de Contratación, polo que se procede:

#### **1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

Dáse lectura á acta da sesión anterior sen que se realice ningunha observación polos asistentes polo que esta se autoriza coa sinatura do secretario da Mesa e o visto e prace da presidencia.

#### **2º.- DACIÓN DE CONTA DAS PROPOSICIÓNS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS E DA PUNTUACIÓN DO SOBRE B DE “REFERENCIAS TÉCNICAS”.**

En acto público, anunciase o número de proposicións presentadas, as proposicións excluídas, as proposicións admitidas que continúan no procedemento e o resultado das puntuacións obtidas polos licitadores na 1ª Fase do procedemento: Valoración dos criterios non avaliados de forma automática (documentación sobre B de “referencias técnicas”), que son as que constan na acta da reunión de data 27 de febreiro de 2017.

#### **3º.- APERTURA DO SOBRE C DE “OFERTA ECONÓMICA E REFERENCIAS VALORABLES AUTOMATICAMENTE”.**

O Sr. Presidente ordena ao Secretario da Mesa a apertura dos sobres C “Oferta Económica e referencias valorables automaticamente”, e que proceda a súa lectura aos efectos de dar cumprimento do art. 22.1 c) do Real Decreto 817/2009, resultando o seguinte:



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

### A) Porcentaxe de control de calidade

LICITADOR	PORCENTAXES DE CONTROL DE CALIDADE	
	CONTROL INTERNO CALIDADE	CONTROL EXTERNO CALIDADE
	%	%
CONTRUC. CERNADAS, S.L.	1	3
CONSTRUC. D. OGANDO, S.L.	12,51	3
CALFENSA PROYECTOS, S.L.	1	3
JARDINCELAS, S.L.	5	3
JARDINERÍA ARCE, S.L.	5	3
CYS HISPANIA CONSTR. Y SERV., S.L.	5	3

### B) Redución de prazos de execución

LICITADOR	REDUCIÓN DE PRAZO OFERTADO (DÍAS NATURAIS)
CONTRUC. CERNADAS, S.L.	30
CONSTRUC. D. OGANDO, S.L.	37
CALFENSA PROYECTOS, S.L.	45
JARDINCELAS, S.L.	33
JARDINERÍA ARCE, S.L.	43
CYS HISPANIA CONSTR. Y SERV., S.L.	30

### C) Oferta económica

LICITADOR	PREZO OFRECIDO
CONTRUC. CERNADAS, S.L.	21.011,66 €
CONSTRUC. D. OGANDO, S.L.	23.155,62 €
CALFENSA PROYECTOS, S.L.	20.998,35 €
JARDINCELAS, S.L.	20.526,12 €
JARDINERÍA ARCE, S.L.	19.308,01 €
CYS HISPANIA CONSTR. Y SERV., S.L.	21.295,60 €

Finalizada a lectura dáse por rematado a parte publica da sesión procedendo á mesa a realización das seguintes actuacións:

#### 4º.- EXAMEN, VALORACIÓN DAS PROPOSICIÓN E PROPOSTA DE ACDXUDICACIÓN.

Tras o exame da documentación achegada polos licitadores no sobre C e comprobado que ningunha das ofertas económicas está incurso en presunción de temeridade (cláusula 15.2 do prego), a Mesa de Contratación procede á valoración das ofertas económicas e demais criterios avaliábeis de forma automática, do que resulta que as ofertas presentadas e puntuacións outorgadas son as que seguidamente se indican:

#### A) Porcentaxe de control de calidade (Máximo 10 puntos).

PORCENTAXES DE CONTROL DE CALIDADE
------------------------------------



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

LICITADOR	CONTROL INTERNO CALIDADE		CONTROL EXTERNO CALIDADE		TOTAL PUNTOS
	%	PUNTOS	%	PUNTOS	
CONTRUC. CERNADAS, S.L.	1	0,08	3	9,00	9,08
CONSTRUC. D. OGANDO, S.L.	12,51	1,00	3	9,00	10,00
CALFENSA PROYECTOS, S.L.	1	0,08	3	9,00	9,08
JARDINCELAS, S.L.	5	0,40	3	9,00	9,40
JARDINERÍA ARCE, S.L.	5	0,40	3	9,00	9,40
CYS HISPANIA CONSTR. Y SERV., S.L.	5	0,40	3	9,00	9,40

### B) Redución de prazos de execución (de 0 a 10 puntos).

CÓDIGO LICITADOR	REDUCIÓN DE PRAZOS	
	Redución de prazo ofertado (días naturais)	TOTAL Puntuación
CONTRUC. CERNADAS, S.L.	30	6,78
CONSTRUC. D. OGANDO, S.L.	37	8,15
CALFENSA PROYECTOS, S.L.	45	10,00
JARDINCELAS, S.L.	33	7,36
JARDINERÍA ARCE, S.L.	43	9,54
CYS HISPANIA CONSTR. Y SERV., S.L.	30	6,78

### C) Oferta económica (Máximo 40 puntos).

CÓDIGO LICITADOR	PREZO OFRECIDO	Puntuación
CONTRUC. CERNADAS, S.L.	21.011,66 €	32,46
CONSTRUC. D. OGANDO, S.L.	23.155,62 €	23,03
CALFENSA PROYECTOS, S.L.	20.998,35 €	32,51
JARDINCELAS, S.L.	20.526,12 €	34,61
JARDINERÍA ARCE, S.L.	19.308,01 €	40,00
CYS HISPANIA CONSTR. Y SERV., S.L.	21.295,60 €	31,21

Así pois, á vista das puntuacións obtidas polos licitadores na segunda fase de valoración e tendo en conta as puntuación dos restantes criterios de adxudicación da primeira fase, a Mesa de Contratación, por unanimidade acorda:

**Primeiro.-** Realizar a seguinte valoración definitiva das ofertas admitidas, sendo as puntuacións totais obtidas polos licitadores no procedemento de contratación as seguintes:

LICITADOR	TOTAL Puntuación
CONTRUC. CERNADAS, S.L.	63,82
CONSTRUC. D. OGANDO, S.L.	68,18
CALFENSA PROYECTOS, S.L.	65,64
JARDINCELAS, S.L.	82,37
JARDINERÍA ARCE, S.L.	79,24



**CONCELLO DE CAMARIÑAS**  
**A CORUÑA**

CYS HISPANIA CONSTR. Y SERV., S.L.	60,39
------------------------------------	-------

**Segundo.-** Clasificar as proposicións presentadas na seguinte orde decrecente de valoración:

<b>NÚMERO DE ORDE</b>	<b>LICITADOR</b>	<b>TOTAL PUNTUACIÓN</b>
1	JARDINCELAS, S.L.	82,37
2	JARDINERÍA ARCE, S.L.	79,24
3	CONSTRUC. D. OGANDO, S.L.	68,18
4	CALFENSA PROYECTOS, S.L.	65,64
5	CONTRUC. CERNADAS, S.L.	63,82
6	CYS HISPANIA, S.L.	60,39

**Terceiro.-** Propoñer ao órgano de contratación, a adxudicación do contrato das obras de **“ACONDICIONAMENTO DO PARQUE INFANTIL AREA BOTE DE CAMELLE”**, incluídas no PAS 2015, a favor da empresa **JARDINCELAS, S.L.**, con CIF: B15538135, no prezo total de **24.836,61 € (20.526,12 € + 4.310,49 € de 21 % de IVE)**.

Seguidamente redáctase á acta da sesión dándose lectura a mesma ante os membros da Mesa de Contratación sen que se realice ningunha observación polos asistentes polo que se autoriza coa sinatura da secretaría do órgano e o visto e prace da presidencia.

Non sendo outro o obxecto da reunión e non habendo máis asuntos que tratar, o presidente levanta a sesión, sendo as 12:20 horas do día da data, do que como secretario dou fe co visto e prace da Presidencia.

Vº e Prace  
O PRESIDENTE,

D. Manuel Valeriano Alonso de León

O SECRETARIO,

D. Victorino Nión Carril